



Expediente: 1421/2024

Acta da reunión da Mesa de Contratación do expediente tramitado para a contratación do “Servizo de escolas deportivas infantís 2024/2025 no Concello de Cervo”, valoración da documentación administrativa presentada pola empresa Game Sport Gestión Servicios, SL.

Data: 27 de setembro de 2024

Hora de comezo: 13.30 h

Hora de remate: 13.45 h

ASISTEN:

Preside:

María Dolores García Caramés, alcaldesa

Vogais:

María Eugenia Piñeiro Díaz, interventora accidental municipal

José García Insua, tesoureiro municipal

Actúa como secretaria da mesa de contratación, a efectos de levantar acta, a funcionaria do Concello María Ángeles Dopico Fernández.

Trátase dun acto non público.

Reunidos na Sala de Xuntas do Concello de Cervo a Mesa de Contratación para valorar a documentación presentada por Game Sport Gestión Servicios, SL con CIF B 27 470 673, diante do requirimento formulado no expediente de adxudicación do contrato do “Servicio de escolas deportivas infantís 2024/2025 no Concello de Cervo”, mediante procedemento aberto simplificado.

Comeza a sesión lembrando que na reunión da Mesa de Contratación do día 18 de setembro de 2024 se propuxo a clasificación das ofertas presentadas segundo a puntuación obtida da seguinte maneira:

Licitador	Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	100,00
Game Sport Gestión Servicios SL	81,86

Por Decreto da Alcaldía núm. 2024-0894, do 18 de setembro de 2024, resolveuse:

Primeiro.- Requiritr á empresa ofertante IG10 Gestión Servicios SLU, con CIF B 27 357 391, para que achegue, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a que recibise o requirimento, a seguinte documentación:

-Anexo IV, compromiso de adscrición de medios, coa xustificación da titulación das persoas nomeadas e da súa experiencia.

-Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (Cláusula 7 do Prego de Prescricións Técnicas).





Segundo.- Se o requirimento non se cumprira de xeito adecuado no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde que quedaran clasificadas as ofertas

Tramitada a correspondente notificación, na que se lle concedeu un prazo de cinco días hábiles para presentar a documentación administrativa previa á adxudicación, consta escrito rexistrado de entrada co número 2024-E-RE-765, no que indica que non pode facer fronte ás necesidades de persoal que require o Prego.

Polo que, por Decreto da Alcaldía núm. 2024-0910, do 24 de setembro de 2024, resolveuse:

Primeiro.- Requiritur á empresa Game Sport Gestión Servicios SL, con CIF B 27 470 673, como segunda clasificada nas ofertas presentadas, para que achegue, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a que recibise o requirimento, a seguinte documentación:

- Xustificación da titulación das persoas nomeadas, así como da súa experiencia.
- Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (Cláusula 7 do Prego de Prescricións Técnicas).
- Acreditación de estar ao corrente dos deberes tributarios coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social.

Segundo.- Se o requirimento non se cumprira de xeito adecuado no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

Tramitada a correspondente notificación, na que se lle concedeu un prazo de cinco días hábiles para presentar a documentación administrativa previa á adxudicación. Consta presentada a dita documentación con rexistros de entrada número 2024-E-RE-779 e 2024-E-RE-783.

En consecuencia, os membros da Mesa de Contratación presentes, logo de comprobar a documentación presentada, propoñen ao órgano de contratación a adxudicación do servizo a Game Sport Gestión Servicios SL, con CIF B 27 470 673, que ofertou o servizo no prezo de 14.995,00 €, máis 3.148,95 € de IVE para un total de 18.143,95,00 €.

Sen máis, levantouse a Mesa de Contratación sendo as 13.45 horas do día 27 de setembro de 2024, do que a funcionaria que actúa como secretaria da Mesa de contratación levanta esta acta.

A Mesa de Contratación
Documento asinado electronicamente á marxe

